

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 17 de setembro de 2015, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**“PUNTO QUINTO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUERIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN URXENTE DO SERVIZO DE “SEGUROS DE ACCIDENTES COLECTIVOS” DO CONCELLO DE AMES.-**

A mesa de contratación, constituída no procedemento arriba indicado, en sesión celebrada o 17 de setembro de 2015, formulou proposta de clasificación por orden decrecente de puntuación das empresas admitidas a licitación, de acordo todo elo co previsto no artigo 83 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Publico.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 926/2015), adopta os seguintes acordos:a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Clasificar por orden decrecente de puntuación das empresas participantes declaradas admitidas no procedemento do seguinte xeito:

ENTIDADE ASEGURADORA	PUNTUACIÓN REFERENCIAS TÉCNICAS	PUNTUACIÓN OFERTA ECONOMICA	PUNTUACIÓN TOTAL
GENERALI – Seguros	37,76	60,00	97,76
CASER – Seguros	29,05	47,86	76,91
AXA - Seguros,	0,00	45,01	45,01

**Segundo.-** Declarar que as características esenciais para esta licitación son as seguintes:

**Melloras en límite**

Cobertura de licitación	Melloras propostas sobre o límite solicitado
Falecemento por accidente laboral	45,001.€
Inv. Perm. Absoluta por accidente laboral	45,001.€
Inv. Perm. Total por accidente laboral	45,001.€
Inv. Perm. Parcial por accidente labora	45,001.€
Asistencia Médica en centros libre elección	Limitadas ata 2.000.€
Asistencia médica en centro libe elección	Limitadas ata 2.000.€

**Extensión da cobertura a vida privada (só aplicable ao personal laboral e funcionario do Concello, alcalde, concelleiros, empregados dos centros de asistencia e educación infantil)**

Cobertura de licitación	Mellora proposta sobre o límite solicitado
Extensión da cobertura á vida privada	incluída

**Mellora no límite de invalidez (só aplicable aos colectivos de niños/as de garderías e voluntarios/as)**

Cobertura de licitación	Melloras sobre o límite solicitado
Invalidez Permanente por accidente laboral/actividades (incluidas parciais en base a baremo)	9.001.€

**Oferta económica anual:** 6.571,11 € (IVE exento)

Así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa licitadora

**Terceiro.- Duración do contrato:** O contrato terá unha duración máxima de execución de **dous anos**, comenzando o día 1 de outubro do 2015, podendo prorrogarse anualmente de maneira expresa ata un máximo de **catro anos**, (incluído período inicial e prórrogas).

**Cuarto.- Resto de condicións:** O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada..

No prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acordo, o licitador clasificado en primeiro lugar deberá presentar a seguinte documentación imprescindible para, de ser o caso, proceder á correspondente adxudicación:

**A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario**

**A-1) Empresario individual:** fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

**A-2) Persoas xurídicas:**

- Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

**A-3) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea**

A capacidade de obrar das empresas non españolas de estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

**A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega)**

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou dun certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (disposición adicional 14 TRLCSP).

**A-5) Demais empresas estranxeiras**

- Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

- Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante un informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

**A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.**

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición

dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e da TRLCSP)

**A-7) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España**

De acordo co art. 55.2 da TRLCSP, non se esixe dado que non se trata dun contrato de obras.

**B) Poderes**

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse dun poder notarial para representar á persoa ou á entidade en cuxo nome concorre ante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

**C) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades**

Declaración responsable de que a empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146 e 60 da TRLCSP, axustado ao modelo que se transcribe a continuación.

A declaración incluírá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e o feito de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito debe de presentarse antes da adxudicación polo empresario a cuxo favor se vaia efectuar esta, axúntase modelo,

"D/Dª..... con DNI..... e domicilio en..... actuando en nome e representación da empresa..... con domicilio en..... e CIF..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato denominado "....." (ou actuando en nome propio).

**DECLARA**

*Que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no art. 60 do TRLCSP.*

*Así mesmo declara que se acha ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas en período executivo co Concello de Ames.*

*(Lugar, data e sinatura do proponente)"*

**D) Acreditación da clasificación**

Ao non encadrarse nunha categoría, grupo e subgrupo non se esixe

**E) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica**

Os licitadores deberán

**E.1.** - Acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire a 11.3.1 deste prego

**E.2.** - Acreditar a solvencia técnica mediante calquera dos medios a que se refire a 11.3.2 deste prego

**F) Unións temporais de empresas**

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 da TRLCSP e cláusula 10 do presente prego.

**G) Declaración de empresas vinculadas**

No suposto de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 da TRLCSP, presentárase necesariamente unha

declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social destas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

**H) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:**

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas, acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o artigo 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a Administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante, aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Excm. Deputación Provincial da Coruña ou Rexistro/s similares, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou simple referencia ao número de inscrición no Rexistro, e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm.64 con data do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos referidos nos apartados A), B), C), D) E) e F), sempre que os citados documentos estean vixentes.

**I) Documentación acreditativa de estar en posesión da autorización da Dirección Xeral de Seguros para operar como Entidade Aseguradora**

**L) Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación ou no seu defecto, certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

Axustarase ao seguinte modelo:

"D/Dª..... con residencia en .....provincia de .....rúa nº .....segundo DNI .....en nome propio (ou da empresa .....á que representa no procedemento de adjudicación do contrato denominado ".....")

**AUTORIZA**

Á Administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o considere oportuno.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)"

**M) Seguro de Responsabilidade Civil**

Deberá achegarse unha copia do contrato de seguro de responsabilidade civil que a compañía teña subscrito por un importe suficiente que dé cobertura a totalidade dos posibles danos persoais e/ou materiais directos ou indirectos a terceiros ou bens que se poidan causar durante a execución do contrato.

**N) Xustificante de ter constituída garantía definitiva.**

Deberá achegarse xustificante de ter constituída unha garantía definitiva do 5% do importe de adjudicación excluído o imposto sobre o valor engadido. Esta garantía poderá presentarse nalgunha das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

**Importe Garantía Definitiva** (5% de 6.571,11 €/ano x 2 anos = 13.142,22 €) = **657,11 €**

**O) Xustificante de ter aboado os gastos de anuncios.**

Publicación do anuncio con carácter urxente no Boletín Oficial da Provincia por un importe de **254,02 €** (IVE incluído)

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

**Quinto.-** Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a dezasete de setembro de 2015, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace  
O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde